

## **Memoria xustificativa da addenda número 3 ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Brión para o acondicionamento do treito da estrada AC-543 entre os pp.qq. 8+390 ao 10+000 e cambio de titularidade en favor do concello**

### **1.- Antecedentes.**

O 21 de xaneiro de 2023 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Brión para o acondicionamento do treito da estrada AC-543 entre os pp.qq. 8+390 ao 10+000 e cambio de titularidade a favor do concello.

O importe das obras estímase en 605.402,72 € e serían financiadas polas dúas administracións. A AXI comprometeuse a financiar a actuación ata un máximo de 423.781,90 €, con cargo á partida 09.A1 512B.760.0, código de proxecto 1999-06714 dos seus orzamentos e repartido nas seguintes anualidades:

Anualidade	Importe
2023	211.890,95
2024	211.890,95

Con data 8 de novembro de 2023 foi asinada unha addenda na que a anualidade 2023 transferíase na súa totalidade a 2025.

Con data 14 de outubro de 2024 foi asinada unha segunda addenda na que a anualidade 2024 foi transferida na súa totalidade a 2025

<b>Anualidade</b>	<b>Importe (€)</b>
2024	0,00
2025	423.781,90

### **2.- Razóns de necesidade e oportunidade**

O 25 de setembro de 2025 o Concello de Brión solicita a sinatura dunha nova addenda na que se leve a cabo un axuste de anualidades e se transfira a anualidade 2025 a 2026.



O Concello de Brión comprometeuse a achegar 30% do investimento. A solicitude de addenda baséase na imposibilidade de finalizar as obras en 2025 como estaba previsto xa que o contrato coa empresa adxudicataria, por problemas no orzamento municipal, asinouse o 11 de setembro de 2024. O concello propón pasar a totalidade da anualidade a 2026.

Os citado problema orzamentario deriva de que a obra non se licitou polo importe recollido no convenio, 605.402,72 con IVE incluído, dos que o concello tiña que financiar o 30%, senón por 1.239.099,74. A memoria valorada inicial deu paso a un proxecto no que se recollía unha actuación integral nas canalizacións de auga que van pola AC-543. Constatado o seu estado obsoleto e as moitas deficiencias considerouse, atendendo a principios de eficiencia e economía do custe, a súa substitución antes de pavimentar o tramo do vial. Estas obras a maiores corren por conta do Concello de Brión e non incrementan a achega comprometida pola Axencia Galega de Infraestruturas.

Ámbalas dúas partes desexan que o obxecto do convenio, o acondicionamento do treito da estrada AC-543 entre os pp.qq. 8+390 ao 10+000 e cambio de titularidade a favor do concello, se poida levar a cabo polo que cómpre tramitar a addenda solicitada que afecta a redacción da cláusula cuarta, relativa aos compromisos da AXI, quinta referente á xustificación e pagamento e décimo primeira que determina a vixencia do convenio.

Coa modificación proposta o importe do investimento previsto para 2025 de 423.781,90 € pasa a 2026 sen que se incrementen as anualidades inicialmente previstas .

### **3.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público**

O contido do convenio e desta addenda adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Gaega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

